

Bos Días nenas e nenos de Segundo de Educación Primaria:

Despois dunha semana dedicada ás Letras Galegas tócanos seguir con inglés. Xa acabamos a unidade de comida e imos dedicar agora as dúas seguintes semanas a **Clothes** (roupa) e as dúas seguintes a **Weather** (tempo meteorolóxico)

Empezamos. Mira o seguinte enlace cunha presentación ao vocabulario sobre roupa.

<https://www.youtube.com/watch?v=sQbSfZu26B8>

Son un montón, verdade? Debuxa na túa libreta as túas cinco prendas favoritas. Pon de título CLOTHES e debuxa a prenda e pon ao lado o seu nome.

Imos a seguir cun xogo. Tes que adiviñar a prenda de roupa que se esconde antes de que estoupen todos os globos. Fíxate sempre repite a pregunta:

What's this? Que é isto?

It's a hat. É un sombreiro

They are boots. Son botas

Se a resposta é en singular utilizamos: **It's a.....** (Es ...)

Se a resposta é en plural dicimos: **They are....** (Son...)

Preme no seguinte enlace e para antes de que estoupen todos os globos para adiviñar a prenda.

Moita sorte!!!

<https://www.youtube.com/watch?v=gQGwp7iNRCE>

Agora imos cunha historia de Steve and Maggie. Steve acaba de levantarse e dispónse a vestirse e non da atopado un dos seus calcetíns. Onde estará? Preme no seguinte enlace para descubri-lo:

<https://www.youtube.com/watch?v=KBcJZOA3Cuk>

Mando dúas actividades para facer se non podedes imprimilas podedes facelas na libreta. Na primeira actividade tedes que colorear a roupa que está tendida como mandan e na segunda tedes que completar un crucigrama. Seguro que vos sae moi ben. Recorda **DOWN** significa vertical e **ACROSS** horizontal.

Coidádevos moito e boa semana.

Puri